WIKIPEDIA

Lingua scots

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **lingua scots** (en scots: *Scots leid* ou *Scots*) é unha lingua xermánica historicamente falada nas Terras Baixas escocesas (*Lowlands*) e en partes do Ulster. É ás veces chamado *lallans* (termo procedente de *Lowlands*) para diferencialo do gaélico escocés, lingua de orixe céltica falada principalmente nas Terras Altas (*Highlands*) occidentais e nas Hébridas.

Esta lingua ten a súa orixe en dialectos do inglés medio de Northumbria. Posúe preto dun millón e medio de falantes, e é unha lingua común na rúa, pero que carece de calquera apoio oficial: nin se aprende nas escolas nin aparece na rotulación das cidades nin apenas en libros. O escritor máis famoso en scots é Robert Burns, que empregou esta lingua tanto coma o inglés nos seus poemas.

Scots ***Scots***	
Outros nomes:	Lallans
Falado en:	Escocia Irlanda do Norte República de Irlanda
Rexións:	Europa occidental
Total de falantes:	200.000 (Ethnologue) 1 500 000 (GROS)[1]
Posición:	217
Familia:	Indoeuropea Xermánico Xermano occidental Anglo-frisoa **Scots**
Escrita:	Alfabeto latino
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Non é oficial Escocia: *lingua tradicional*
Regulado por:	Ninguén
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`--`
ISO 639-2:	`sco`
ISO 639-3:	`sco (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=sco)`


Índice

Nomenclatura

Os falantes nativos ás veces refírense á lingua como *braid Scots*[2] ou usan o dos diferentes dialectos como *Doric*, *Teri* ou o *Buchan Claik*. O termo *Lallans*, unha variante do scots moderno *lawlands*, é tamén utilizado. O scots en Irlanda é coñecido en círculos oficiais como "scots do Ulster" ou "Ullans", un recente neoloxismo que combina "Ulster" e "Lallans".

Etimoloxía

O nome vernáculo da lingua, *Scots*, é unha contracción de *Scottis*, scots antigo,[3] e da forma meridional do inglés antigo tardío *Scottisc* (en inglés moderno: *Scottish*), que substituíu á temperán forma i-mutada *Scyttisc*. Antes do século XV a fala inglesa en Escocia era coñecida como "English" (escrita *Ynglis* ou *Inglis* daquelas), así o termo "Scottish" (escrito *Scottis*) referíase ao gaélico.



A comezos do século XV,[4][5] o inglés de escocia converteuse nunha lingua sensiblemente distinta, aínda que carecendo dun nome que a distinguise claramente do inglés do sur da Bretaña. Dende o ano 1495 o verba *Scottis* foi gañando uso gradualmente para referirse á lingua das Terras Baixas escocesas e *Erse*, irlandés, para o gaélico. Por exemplo, antes da fin do século XV William Dunbar usaba *Erse* para referirse ao gaélico e a comezos do século XVI Gavin Douglas usou o nome *Scottis* como nome para a lingua xermánica. Hoxe a lingua celta de Escocia é chamada habitualmente gaélico escocés.

Dialectos

Recoñécese que o scots ten habitualmente cinco dialectos:

- Scots setentrional, falado ao norte de Dundee e dividido á súa vez nunha franxa máis setentrional (ao redor da vila de Caithness), nunha fita central e maioritaria (chamado dialecto dórico) e nunha máis meridional. O dialecto dórico ten á súa vez algúns dialectos recoñecidos e peculiares na vila de Cromarty: a fala dos mariñeiros de Cromarty, a fala dos labregos de Cromarty e a fala dos vilegos de Cromarty.
- Scots central, falado entre as cidades de Perth (ao norte) e Glasgow e Edimburgo (ao sur), e que se adoita dividir en nororiental, sudoriental, occidental e sudoccidental.
- Scots meridional ou fala das Estremas, usada nas Estremas de Escocia.
- Scots insular, falado nas Órcadas e nas Shetland.
- Scots do Ulster, falado por emigrantes escoceses ao norte de Irlanda e no condado de Donegal, e emparentado directamente co scots central.


Notas

1. A aparente enorme variación no cómputo de falantes débese a que algunhas estatísticas contabilizan só os falantes maternos, mentres que outras contan a xente que son capaces de entender mesmo parcialmente
2. "SND:Scots". Arquivado dende o orixinal o 14 de setembro de 2011. Consultado o 24 de febreiro de 2011.
3. "SND: Scots". Arquivado dende o orixinal o 26 de maio de 2011. Consultado o 24 de febreiro de 2011.
4. *Companion to the Oxford English Dictionary*, Tom McArthur, Oxford University Press, 1994
5. *The Stewart Kingdom of Scotland 1371 - 1603*, Caroline Bingham, 1974

Véxase tamén


Este artigo sobre lingüística é, polo de agora, só un bosquexo. Traballa nel (https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_scots&action=edit) para axudar a contribuír a que a Galipedia mellore e medre.
Existen igualmente outros artigos relacionados con este tema nos que tamén podes contribuír.


Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua scots***


Vexa no Galizionario as palabras en ***Escocés***

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Lingua_scots&oldid=5453449"
